



Foto: La Voz de Galicia

Marisol Bravos López, PREMIO JOSÉ CASTIÑEIRA DE HUMANIDADES 2024

Filla de labradores (Vilachá de Mera, Lugo, 1955), aos tres anos sufriu a polio, quedándolle unha paraplexía. Debido ás dificultades para que a admitisen na escola, seus pais ensinalle a ler e escribir. Empeza o Bacharelato polo pracer de estudar e dá clases particulares nos veráns. Fai Maxisterio cun certificado de subnormal (especialidades de Matemáticas e Ciencias e, posteriormente Lingua Galega). Completa a súa formación con cursos, xornadas, encontros...

Traballou na Aula Especial de Minusválidos de Auxilia (1977-78), Escolas Unitarias de Fonteita, Corgo (1978-80) e Román, Vilalba (1980-81), C.P. de Bretoña, Pastoriza (1981), Centro Base do Insero, Lugo (1981-84), C.P. Castro de Ouro, Alfoz (1984-95), CEIP Veleiro Docampo, Castro R. do Lea (1995-2011) e Colexio Menéndez Pelayo, de Lugo (2011-2015), onde se xubilou. Nestes centros foi coordinadora do ciclo medio e de ciclos de Educación Primaria, do Equipo de Normalización Lingüística, de actividades extraescolares, do departamento de convivencia e secretaria.

Colabora en diversos medios –El Progreso, Galicia Digital, Lugo Sempre entre outros– sobre temas sociais, con especial atención á eliminación de barreiras e inclusión escolar. É coautora do libro «Por un Lugo sen barreiras» (1998) e coimpulsora do proxecto educativo «Aprendemos Xuntos». Realizou un estudo de accesibilidade dos centros educativos da provincia no ano 2000 e coordinou o libro “Anacos da nosa cultura” (2001). Ten tratado diversos temas sociais e de integración en artigos, conferencias ou cursos de voluntariado.

Incluída no libro «Mulleres destacadas de Galicia» (1993), recibiu os premios «Milagrosista do ano» (1996) e «Lucense do ano» (1997). Traballou con Xesús Mato e foi cofundadora do «movemento asociativo» de discapacitados físicos en Lugo, Galicia e España, coordinadora de Auxilia-Lugo (1977-95), representante de Lugo na elaboración da primeira Lei de Integración Social de Minusválidos (1977-82) e membro das xuntas directivas de COCEMFE, AUXILIA NACIONAL e COGAMI. Tamén foi cofundadora e 1.ª presidenta de



José Castiñeira Pardo



FAMISLU (1997-99), membro da comisión elaboradora da Ordenanza municipal de eliminación de barreiras arquitectónicas do Concello de Lugo, responsable do programa de Radio Popular «Unha man amiga» e lectora na Misa de enfermos durante oito anos, colaboradora e impulsora de grupos de Apostolado segrar e do Movemento Bíblico Diocesano, encargada da lectura do Manifesto a Xoán Paulo II na IV Xornada Mundial da Xuventude. Socia de Honra de Auxilia, coimpulsora da primeira viaxe do Insero para persoas con discapacidade en 1985, participou na inauguración do ascensor da muralla, pioneira en conducir desde cadeira de rodas. Cofundadora do grupo folk «Tangaraño» e Pregoeira das Festas patronais de San Froilán en 2021.

Ten escrito un libro sobre a súa vida, «Unha historia de superación», que será presentado en Lugo o próximo 27 de novembro.

O PREMIO JOSÉ CASTIÑEIRA 2024, convocado polo Orfeón Lucense en memoria do seu fundador, en colabo-

ración coa Diocese de Lugo, a Catedral lucense e a Familia Castiñeira, para honrar a persoas ou institucións que se distinguan polo seu labor humanístico, a prol da convivencia social e na mellora das relacións humanas, foille concedido por unanimidade polo Xurado formado por MARIO VÁZQUEZ CARBALLO, Deán da Catedral e Vicario Xeral do Bispado; JESÚS SALVADOR LÓPEZ, Director de Patrimonio Cultural da Diocese; LUIS VARELA CASTIÑEIRA, Cónego, Prefecto de música e párroco do Sagrado Corazón, en representación da Familia Castiñeira; e, por parte do ORFEÓN LUCENSE, BEATRIZ ENRÍQUEZ PARGA, Secretaria; JESÚS CONDE FREIRE, Vicepresidente e XULIO GIZ RAMIL, Presidente, despois de estudar as trece candidaturas propostas por institucións e particulares.

A entrega do premio hase efectuar no Claustro da Catedral de Lugo, o domingo, 27 de outubro de 2024, inmediatamente despois da celebración (ás 13:00 horas) do cabodano do P. Castiñeira, e antes da ofrenda que tradicionalmente se celebra diante da súa tumba.